

Hábitos de consumo de sustancias en la etapa preuniversitaria: estudio en el IES de Vilalonga

Substance Use Habits in the Pre-University Stage: Study at IES de Vilalonga

Nara Argibay Sartages, Alejandro de Apellániz Álvarez, Eloisa Fernandes Leonor, Reyes Núñez Piñeiro, Mar Rubio Cacabelos, Ainara Sánchez de la Campa Pazos, Carmela Seveso Otegui, Marta Torres Domínguez

RESUMO

El siguiente estudio demuestra el consumo de alcohol y drogas en la etapa educativa de segundo de bachillerato en el IES de Vilalonga, observando datos como: la frecuencia de consumo de los distintos tipos de drogas, las situaciones en las cuales se realiza el consumo, la dependencia autopercibida de ellas y las opciones de ayuda a las que recurrirían en caso de dependencia. El objetivo de este estudio es saber más acerca de los hábitos de consumo de droga de los estudiantes.

ABSTRACT

The following study demonstrates alcohol and drug use in the educational stage of the second year of Bachillerato at the IES Vilalonga, observing data such as: frequency of use, the social situations where they are consumed, self-perceived dependency on them, and the help options they would turn to in case of dependency. The objective of this study is to learn more about students' drug consumption habits.

PALABRAS CLAVE: Consumo de alcohol, consumo de drogas, hábitos de consumo, dependencia autopercibida, opciones de ayuda.

KEY WORDS: Alcohol use, drug use, consumption habits, self-perceived dependency, help options.

1. Introducción

O consumo de substancias nocivas como o tabaco, as drogas e a cerveza, habitual en toda a sociedade, comeza segundo “e-Rueca” entre os 13 e os 15 anos. Isto indica que as persoas empezan con este tipo de actividades nas etapas de formación. Por este motivo os estudantes de psicoloxía de segundo de bacharelato decidimos facer un estudo para determinar que tipo de estupefacientes y con que frecuencia son consumidos polos mozos e mozas de 16 a 18 anos, que se atopan nunha etapa da vida con retos específicos que poden supoñer un factor de vulnerabilidade ante problemas como a adicción.

Esta parte da poboación aínda está en pleno desenvolvemento da corteza prefrontal, responsable de funcións executivas como a toma de decisións e a planificación. Ademais, a adolescencia é unha etapa onde se comeza a ter maior liberdade xa que transita entre a infancia e a xuventude. Por outra parte está a necesidade humana de pertencer a un grupo, especialmente intensa nesta etapa. Analizar os hábitos de consumo permitirá non só obter un panorama máis preciso da situación actual, senón tamén contar con información decisiva á hora de deseñar estratexias preventivas e de intervención.

2. Obxectivos

Co fin de obter unha comprensión adecuada do fenómeno estudado, o presente estudo pretende avaliar catro dimensións principais:

- a) Frecuencia de consumo de diversas substancias psicoactivas, incluíndo alcohol, tabaco, dispositivos de vapeo, cannabis, cocaína, éxtasis, lean e outras substancias.
- b) Contextos de consumo, considerando situacións como eventos festivos, encontros en espazos privados, consumo en solitario e situacións asociadas a estrés ou malestar emocional.
- c) Dependencia autopercibida, identificando a presenza ou ausencia de sensación de dependencia cara a algunha das substancias mencionadas.
- d) Preferencias de procura de axuda, analizando a quen acudiría a persona en caso de precisar apoio: a ningún, amigos, familiares, profesorado, profesionais da saúde (médicos ou psicólogos), servizos comunitarios ou outras fontes de apoio.

3. Participantes

Os participantes foron 39 estudantes de entre 17 e 18 anos de 2º de bacharelato do IES de Vilalonga do Concello de Sanxenxo, provincia de Pontevedra. Para a súa selección, acudiuse ás diferentes aulas nas que se impartían nese momento clases de 2º de bacharelato e propúxose a todos os estudantes a colaboración anónima e voluntaria no estudo. Non se ofreceu ningunha recompensa pola participación.

4. Metodoloxía e instrumentos

Trátase dun estudo descritivo mediante enquisas. O instrumento empregado para a recollida de datos foi un cuestionario en formato papel con catro preguntas, cada unha das cales dirixida a recoller información sobre un aspecto dos hábitos de consumo de drogas das persoas participantes.

A primeira pregunta facía referencia á frecuencia de consumo de substancias que segundo estudos anteriores son de uso común no grupo de idade escollido: alcohol, tabaco, vapeador, cocaína, éxtase, lean e outros. Para as respostas empregouse unha escala do 0 ao 5 onde o 0 significaba nunca ter probado a substancia, o 1 tela probado, o 2 consumila unha ou menos veces por semana, o 3 entre unha e tres veces por semana, o 4 máis de tres veces por semana e o 5 a diario.

Na segunda pregunta recolleuse información sobre as situacións nas que podería ser máis habitual que se producise o consumo das substancias mencionadas no apartado anterior. As posibilidades eran de festa, en situacións sociais, sen compañía ou en situacións de malestar emocional. De novo empregouse para responder unha escala do 0 ao 5 na cal o 0 representaría o grao mínimo de probabilidade de consumo e o 5 o grao máximo.

En terceiro lugar pediuse aos participantes indicar se se consideraban dependentes dalgunha substancia. As posibilidades de resposta eran si e non e, no caso de resposta afirmativa, tamén se pediu indicar a substancia ou substancias da cal a persoa se autopercebía como dependente.

Por último, preguntouse polas institucións ou persoas ás que os participantes considerarían acudir en busca de axuda se tivesen algún problema relacionado co consumo de drogas. Proporcionouse unha lista coas posibilidades: a ninguén, amigos, familia, profesorado ou departamento de orientación do instituto, médico ou psicólogo, servizos locais de axuda a persoas drogodependentes ou outros a indicar. Os participantes podían marcar tantas opcións como quixesen.

5. Resultados e interpretación

Frecuencia de consumo

	Nunca	Probeino	1 vez/semana	1-3 veces/semana	+ 3 veces/semana	A diario
Alcohol	2	9	19	8	0	1
Tabaco	20	14	0	1	0	4
Vapeador/ cigarro electrónico	12	15	1	3	1	7
Cannabis	31	5	1	1	1	0
Cocaína	39	0	0	0	0	0
Éxtase	38	1	0	0	0	0
Lean	39	0	0	0	0	0
Outros	37	1 (fast gas)	0	0	1 (ibuprofeno)	0

Situacións de consumo

	0	1	2	3	4	5
Festa	2	2	2	1	1	31
Situacións sociais	5	4	2	16	5	7
Sen compañía	25	3	3	1	1	6
Situacións de estrés ou malestar emocional	23	3	2	3	0	7

Dependencia autopercibida

Si	5 (Alcohol, tabaco, vapeador)
Non	34

Opcións de axuda

	16
Non pediría axuda	
	19
Amizades	
	15
Familia	
Profesorado/orientación instituto	
	15
Médico/psicólogo	
	3
Servizos locais	
Outros	

As drogas que máis se consomen a diario, o tabaco e os vapeadores, son empregada só por 11 estudantes, mentres que só unha persona consome diariamente alcohol. A maioría de estudantes non consomen drogas pero probaron drogas socialmente aceptadas como tabaco, vapeadores e alcohol; pero en canto hablamos de drogas percibidas socialmente como máis serias ou duras como cocaína, éxtase, cannabis, etc., son poucos os que as probaron e só unha persoa ten un consumo regular dalgunha destas substancias, o cannabis.

Unicamente cinco alumnos se auto perciben como adictos a unha droga, o tabaco. O contexto no que máis se consomen estupefacientes é a festa, cun total de 31 personas que se ven influenciadas pola situación. 28 persoas indican certa probabilidade de consumir drogas en situacións sociais. Pocos son los alumnos que consumirían drogas en soidade e/ou en situacións de estrés ou malestar emocional. A gran maioría dos alumnos non cre ter dependencia de ningunha droga, mentres que 5 personas de 39 si. Canto ás opcións de axuda en caso de adicción ou algún outro problema relacionado co consumo de substancias, a maioría recorrería ás súas amizades (19 persoas),

familiares (15) e médicos ou psicólogos (15). Non obstante, a xente non contaría coa axuda de servizos locais ou do instituto. Por último, 16 alumnos directamente non pedirían axuda.

6. Conclusión

O consumo de drogas no curso de segundo de bacharelato do IES Vilalonga non é particularmente elevado en comparación cos resultados doutros estudos. Só o 12.82% de alumnos cre ter algunha dependencia, concretamente do tabaco, o vapeador ou o alcohol. Malia que o tabaco poida parecer menos prexudicial ca outras drogas como o éxtase ou a marihuana, iso non significa que sexa seguro. A diferenza desas substancias, o tabaco adoita consumilo máis xente e con máis frecuencia, polo que os seus efectos acumulados poden ser muy prexudiciais. Fumar afecta aos pulmóns, o corazón e reduce o rendimientto físico e académico. Por iso, aínda que non provoque os efectos inmediatos doutras drogas, segue sendo nocivo para a saúde das persoas que o consomen.

Ademais, chaman a atención dous datos no relativo á procura de axuda en caso de dependencia. Primeiro, das 39 persoas participantes, 16 declararon non ter intención de pedir axuda no caso de ter algún problema coas drogas, preferindo lidiar elas soas con dito problema. Segundo, ningún dos participantes no estudo acudiría ao profesorado ou o departamento de orientación do instituto se tivesen unha adicción ou dependencia dalgunha droga, manifestando unha preferencia clara polas amizades, familiares ou profesionais sanitarios como médicos e psicólogos. Isto pode indicar unha percepción incorrecta de certas drogas por parte das persoas novas, que as pode levar a subestimar os riscos e dificultades asociados á adicción e a non considerar necesario pedir axuda no caso de atoparse nesa situación. Tamén pode indicar deficiencias na actuación das institucións educativas e dos profesionais da educación ante problemas de drogodependencia no seu alumnado.

7. Bibliografía